

Bogotá, 26 febreiro de 1955.

Sra. D<sup>a</sup>. VIRGINIA PEREIRA, Viuda de Castelao.  
Buenos Aires.

Ben lembrada Virginia:

Recibín en Vigo a súa derradeira carta, dous dias denantes d-empren-  
der o viaxe a esta terra, empalmado c-unha seman preparatoria en Roma. Debo  
seguir eiqui até fins de maio, desempeñando unha misión de asesoramento  
cerca do Goberno, que me foi confiada pol-as N.U.

Non houbo tempo, pol-o tanto, pra tomar providencia algunha, sobre do  
diñeira depositado no Banco de España de Pontevedra. Como xa lle espriquéi  
algun dia, son fondos retidos pol-o Instituto Español de Moneda Extranjera,  
e non se poden mover sen autorización previa. Eu non pedin senon a referen-  
te as cantidades retiradas pra Clemencia e Sara e pro pago da sepultura  
do neno.

Imaxino qué, aínda non sendo cantidade grande, non concederán auto-  
rización pra retiral-a toda. Salvo que se xustificará a su inversión en Espa-  
ña, na compra d-agun ben ou na construción d-unha obra. De todol-os xeitos,  
como dende eiqui non é doado que eu faga ren no asunto, para cando volva a  
Terra pode dispoñer o que coide mellor, y-eu tentarei facel-o.

Aínda non recibín o "Pranto Matricial" imprentado. Formalmente nin si-  
quera séi se foi editado. Teño vivo anxeio de ollar o libreto, se ao fin  
o fixeron.

Como de outubro a decembre estuven no Mexico, e despois apenas sete  
semans en Vigo, nada sei de Clemencia e Sara. Coido que estarán ben.

Pilar e fácil que veña a Bogotá pra retornar connigo.

Se van por xunto de Vde. Sabela e Xosé, moitas apertas. O mesmo a fami-  
lia Prada, e digalle a Rodolfo que se ven pol-o Norte non se esqueza de que  
estóu eiqui, un pouco asombrado pol-as neboas que envolven os cerros de Mon-  
serrate e Guadalupe. E tamen pol-a choiva, que non se parez a nosa...

Co mais cordial agarimo para Vde. de

s/c  
Residencias Deauville  
Calle 18, 14-36.

ou

Apartado aereo 38-68  
Unitez Nations.